



## Novas

Informamos diariamente de toda a nosa actividade e das diferentes actuacións institucionais

17  
out  
2013

### Servizo de información de Viñas Atlánticas destinado ó control dos viñedos e gratuito para todos os viticultores

O proxecto da Deputación de Pontevedra está orientado a reducir o uso de fitosanitarios e a acadar unha mellor xestión das explotacións

A Deputación de Pontevedra, a través do proxecto Viñas Atlánticas, acaba de poñer a disposición de todos os viticultores un servizo de información para o control dos seus viñedos.

Trátase dun perfil público no que calquera persoa pode obter os datos necesarios para efectuar un maior e mellor control das pragas da vide, cargar os datos dos seus libros de explotación e xestionar de forma máis eficiente os seus viñedos.

Os destinatarios desta aplicación son todos os que teñan viña, sexan ou non profesionais, así como os técnicos que asesoran ás adegas e ós produtores.

O servizo, totalmente gratuito, é accesible desde a páxina web de Viñas Atlánticas ([www.vinasatlanticas.depo.es](http://www.vinasatlanticas.depo.es)), a través do enlace 'Acceso á aplicación'. Para darse de alta como usuario público só é necesario facilitar unha dirección válida de correo electrónico e seleccionar a provincia e o concello ó que se pertence.

Unha vez na aplicación os usuarios poderán acceder a un servizo de información meteorolóxica, onde terán a predición do tempo por concello e para un período de tres días, coa posibilidade de coñecer a predición hora a hora. Esta información é posible grazas á rede de estacións meteorolóxicas que se desenvolveu no marco do mencionado proxecto e que a Deputación cedeu a Meteogalicia.

Así mesmo, inclúese un indicador do risco de mildiu en cada momento e para diversas zonas, por medio dun código de cores (tipo semáforo). Así, a cor verde indica que non se detectou risco inmediato de nova infección; o amarelo advirte da detección do risco de inicio dun ciclo de infección primaria; e o vermello indicaría que se detectaron as condicións para que se dean brotes de infeccións secundarias.

Estas indicacións ofrécense para as zonas do Salnés sur, centro – Castrelo, Salnés norte, centro – Ribadumia, centro – Tremeo, Salnés este e Soutomaior.

Toda esta información complétase cos boletíns fitosanitarios da Estación Fitopatolóxica de Areeiro e os boletíns meteorolóxicos e fitosanitarios da Consellería do Medio Rural; todos accesibles desde esta aplicación.

outros).

Os resultados obtidos mereceron numerosos recoñecementos e galardóns e permitiron unha redución notable do uso de produtos fitosanitarios.

Así, os 450 viticultores que participaron no proxecto en 2012, a través da mencionada plataforma dixital, reducion a aplicación de produtos químicos nas súas viñas entre un 15 e un 20%, malia que ese ano foi un ano moi difícil para o control do mildiu.

Esta redución de praguicidas supuxo un notable aforro económico e permitiu limitar a emisión de produtos contaminantes ó medio ambiente, sen implicar perdas na produción.

O éxito acadado e o interese amosado polos viticultores animou á Deputación de Pontevedra a abrir esta aplicación para o conxunto da sociedade, para que todos os produtores de uva que así o desexen poidan mellorar a xestión económica e ambiental das súas explotacións.

[Ir a noticias](#)

Copyright © 2013. Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos | [Aviso legal](#)

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n - 36071 Pontevedra ES | +34 986 804 100 +34 986 804 124

